

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ASOCIACIÓN CABALEIROS DE LALÍN PARA A CELEBRACIÓN DA XXXIV FEIRA DO CABALO.”

REUNIDOS:

Por unha banda, o Concello de Lalín, actuando no seu nome e representación o Sr. Alcalde **D. José Crespo Iglesias**, con D.N.I.:33841334P, ao abeiro das competencias que ten para vincularse neste acto.

Pola outra, **D.Javier Cuiña Pérez**, con DNI:76828266D, en calidade de Presidente da Asociación Cabaleiros de Lalín, con CIF G-36.595.692, ao abeiro das facultades que, para vincularse neste acto ten conferidas.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: Que os vindeiros días 27 e 28 de abril de 2024 vaise levar a cabo a celebración da XXXIV Edición da Festa do Cabalo de Lalín 2024.

SEGUNDO: Que o Concello de Lalín, ó abeiro das competencias que lle outorga a normativa vixente, e atendendo ao interese da actividade que é obxecto do presente convenio, dotou no Orzamento municipal para o exercicio en curso a aplicación orzamentaria 2024/0/4311/48928/01 cunha subvención nominativa para a celebración da Feira do Cabalo de Lalín 2024, por importe de 15.000,00€.

A tal fin, as partes asinan o presente Convenio de Colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: O obxecto do presente Convenio é regula-las bases de colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Cabaleiros de Lalín para a celebración da XXXIV Edición da Feira do Cabalo de Lalín 2024.

SEGUNDA: As obrigacións xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións están establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, **Real Decreto 887/2006**, de 21 de xullo, polo que se aproba o **Regulamento da Lei 38//2003**, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei



9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e recollidas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2024 .

TERCEIRA: En virtude deste Convenio, a Asociación de Cabaleiros de Lalín comprométese:

- Á organización e ó desenvolvemento da Feira do Cabalo de Lalín 2024.
- Indicar en toda a documentación, anuncios, folletos e publicidade nos medios de comunicación que se vaian utilizar que o Concello de Lalín participa no financiamento de dita actividade.
- Empregar a totalidade da subvención na celebración da Feira do Cabalo de Lalín 2024.
- A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Lalín, o Tribunal de Contas eo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda obxecto do presente convenio.

CUARTA: O Concello de Lalín comprométese a :

- Autoriza-lo uso de rúas e instalacións municipais que sexan necesarias nas data e horas precisas para a organización e celebración da Feira do Cabalo 2024.
- Poñer a disposición da organización das festas os servizos de Protección Civil e Policía Local, segundo as dispoñibilidades do Concello.

QUINTA:

Para a execución do presente convenio o Concello de Lalín aporta a cantidade de 15.000,00 € de conformidade co seguinte orzamento de gastos , sendo, neste convenio, posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade sempre que non se produza unha sobrefinanciación dos gastos da Asociación para esta finalidade. Nese caso deberase reintegrar o exceso ó Concello.

CONCEPTO	IMPORTE
Premios e trofeos dos diferentes concursos	3.700,00 €
Dietas e aloxamento para membros do espectáculo ecuestre, xuíces e xefes de pista	1.800,00 €
Acondicionamento e sinalización de sendeiros da ruta ecuestre	2.100,00€
Organización e secretaría de concursos morfolóxicos e andadura	4.700,00€



Gradas destinadas o uso público	1.200,00€
Desprazamento de espectáculo ecuestre	1.500,00€
TOTAL	15.000,00 €

Os gastos poderán estar suxeitos a variacións no importe entre os distintos conceptos, é dicir, permítense flexibilidades nos mesmos sen que globalmente poida diminuír o gasto para ter dereito ó total da subvención.

Da totalidade do importe subvencionado polo Concello de Lalín so poderá librase como máximo o 70% unha vez aprobado e asinado o presente Convenio, logo da presentación de solicitude do beneficiario, por falta de liquidez para facer fronte ós gastos. Esta circunstancia deberá xustificarse previamente. Sobre esta circunstancia estarase o disposto no Capítulo III réxime de subvencións das bases de execución do orzamento xeral do exercicio económico 2024.

Coa firma do actual convenio entenderase autorizado o Concello para obter as certificacións acreditativas de que a Asociación se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. No caso, de que o Concello non puidera obter esas certificacións, requiriránse do beneficiario da subvención.

Deberán presentar tamén declaración responsable asinada polo secretario da Asociación, na cal se determinarán que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/ 2003 para obter a condición de beneficiario da subvención e que dita Asociación no incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas.

Acompañarán tamén certificación bancaria do número de conta a nome da asociación.

SEXTA:

Logo da realización da Feira do Cabalo, a Asociación Cabaleiros de Lalín deberá presenta-la seguinte documentación, antes do 30 de setembro de 2024:

- Unha memoria da totalidade da actividade realizada:
 - Esa memoria conterá una relación das actividades feitas e unha relación clasificada dos gastos por cada actividade feita, con identificación do acredor e do documento xustificativo, o seu importe, a data de emisión da factura, e a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de subvencións (LXS)
 - Orzamento detallado de ingresos e gastos das actividades

subvencionadas.

- Facturas orixinais (**con tódolos requisitos esixidos polo R:D 1619/2012 de 30 de novembro**) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do gasto subvencionable, ó menos, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvención e o seu Regulamento).
 - Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: *"En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de celebración da Festa do Cabalo de Lalín 2024"*
 - Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.
 - A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión da factura.
 - Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se a criterio do Concello o xustificante non é suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.
 - Reflexará os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio)
 - Reflexará os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF, e domicilio)
 - Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e a súa contraprestación total, importe pagado e moeda. Deberá reflexarse o IVE correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que esta en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse " IVE incluído".
 - Xustificantes de pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil utilizados para a xustificación. **So se admitirán os pagos realizados mediante transferencia bancaria**, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia. No caso de pagos por importe igual ou inferior a 200 euros admitirase o pago en metálico ou cheque sempre e cando se faga constar na factura o selo do provedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma e ademais, no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón. No caso de pagos en metálico, corresponde ó Concello comprobar a xustificación dese medio de pago que farase constar en informe xustificativo no que se acredite que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto.



Atenderase para facer ese informe de forma prioritaria á contía do pago. Se non xustificarse ese pago en metálico, entenderáse non xustificado esa contía do gasto.

- No caso de que se teñan realizado pagos que conleven retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención como pendentes de resolución.
- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas tanto aprobadas como pendentes de resolución.
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal .
- Certificación de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaria e fronte á Seguridade Social, no caso de que non puidera obter eses certificados o Concello e o prazo de validez dos xa presentados xa rematara, conforme co estipulado no apartado e) do artigo 14 da lei 38/ 2003 de 17 de novembro.
- Declaración xurada expedida polo presidente relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida..

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe a que ascende o orzamento de gastos recollido na cláusula quinta. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

SÉTIMA: Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003 do 17 novembro, Xeral de Subvencións.

A Asociación Cabaleiros de Lalín quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

Para os supostos non previstos neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2024, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e no seu regulamento e na **Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.**

OITAVA: As cuestións litixiosas xurídicas da aplicación do presente Convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso Administrativa.



NOVENA: O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

O período de vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Lido polas partes e coma proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínao e rubrícano , no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Alcalde do Concello de Lalín
José creso Iglesias.

Presidente da Asociación de cabaleiros de Lalín
Javier Cuiña Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE O MARXE

